



PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DOS PROXECTOS PREMIADOS DA I EDICIÓN DOS PREMIOS A PROXECTOS DE INNOVACIÓN DOCENTE EN APRENDIZAXE - SERVIZO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Rematado o prazo para formular as alegacións á listaxe provisoria dos proxectos premiados da I Edición dos Premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe – Servizo da Universidade da Coruña publicada en sede electrónica o día 14 de novembro de 2019, a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente da Universidade da Coruña resolve publicar a listaxe definitiva de proxectos de innovación docente en aprendizaxe-servizo premiados.

As persoas seleccionadas comprométense a presentar a aceptación do premio (Anexo II da convocatoria) na forma que se lle indique na notificación de concesión por correo electrónico. A devandita aceptación implica que a persoa gañadora se compromete a cumprir todas as condicións recollidas na devandita convocatoria.

Así mesmo, comprométense a asistir á cerimonia de entrega dos premios que terá lugar no marco das IV Xornadas de Innovación Docente, que se celebrarán os días 21 e 22 de novembro de 2019 na Facultade de Ciencias da Educación.

Contra esta resolución definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo de 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

A Coruña, 20 de novembro de 2019

Nancy Vázquez Veiga

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Listaxe definitiva de proxectos de innovación docente en aprendizaxe-servizo premiados

PREMIO	PROXECTO	DOCENTES	CONTÍA
1º	Cartografía social do dereito ao hábitat na cidade da Coruña	Laura Cruz López Juan José Bueno Aguiar Roberto Suárez Brandariz	1.500,00 €
2º	<i>Fisioterapia escolar en un Colegio de Educación Especial</i>	Verónica Robles García	900,00 €
3º	Aprende Física e divértete	Ana Isabel Ares Pernas María José Abad López	600,00 €